

## O IMPERIO BIZANTINO

1. Imperio Bizantino: Cronoloxía e extensión xeográfica.
2. Trazos xerais do imperio.
3. Legado do imperio bizantino.
4. **Glosario:** Cisma, código, heterodoxo, iconografía bizantino, ortodoxo.

### 1. IMPERIO BIZANTINO: CRONOLOXÍA E EXTENSIÓN XEOGRÁFICA

#### Imperio bizantino<sup>1</sup>?

Nome que recibíu o territorio do antigo imperio romano de Oriente para diferenciarlo da metade occidental que caeu no século V (476), e que perviviu ata o século XV (1453) cando os turcos otománs conquistaron Constantinopla.

Para algúns historiadores a historia deste imperio, comezaría no 330 coa fundación de Constantinopla polo emperador Constantino.



330 Fundación de Constantinopla

1453

**476 Caída do Imperio romano de Occidente**

**Caída de Constantinopla**

O nome "bizantino" procede do nome grego da capital, Bizancio, antes da fundación de Constantinopla ou "cidade de Constantino" (actualmente Istambul). Unha cidade situada nun lugar estratéxico, entre Europa, Asia Menor e norte de África.

#### Extensión xeográfica:

A extensión xeográfica do Imperio bizantino cambiou ao longo dos séculos ao irse sucedendo os triunfos e derrotas militares de cada emperador.


Co emperador Justiniano a mediados do S. VI, o Imperio extendíase polo Mediterráneo (península Itálica, parte do norte de África, illas Baleares e o sur da península Ibérica).



División do Imperio romano (395)



Imperio de Justiniano 527-565



Imperio Bizantino (1453)

<sup>1</sup> Video de Youtube.

## 2. TRAZOS XERAIS DO IMPERIO

### O goberno

Dominado polo emperador<sup>2</sup> ou *basileus* que concentraba todos os poderes (exército, administración e relixioso).

Había unha importante rede de funcionarios para administrar<sup>3</sup> o imperio e unha lexislación baseada en dereito romano, recompilada e actualizada por Xustiniano nun **código** que permitíu que en todo o imperio imperasen as mesmas leis.

O emperador distinguíase pola súa residencia real, o Gran Palacio de Constantinopla, e polas súas galas imperiais. A súa imaxe víase amplamente en moedas, selos oficiais, pesos, mosaicos e esculturas.

### Economía

A base económica era a agricultura, con base nas grandes propiedades nobiliarias e eclesiásticas traballadas por servos.

Tamén destacou a artesanía de artigos de luxo (seda, esmaltes, tapices, etc), e un rico comercio grazas á posición estratéxica do imperio entre os dous continentes<sup>4</sup>.

### Sociedade

Dominada pola familia imperial e a aristocracia masculina, pero era posible o ascenso social grazas ás guerras, doazóns imperiais e matrimonios.

Había escravos<sup>5</sup> na sociedade bizantina e procedían dos pobos conquistados, como prisioneiros de guerra e procedente dos mercados de escravos.

Nas principais cidades do imperio como Constantinopla era donde mellor se plasmou a diversidade social do imperio bizantino.

Nun primeiro momento, mantivéronse as formas de vida romanas, pero despois de Xustiniano, fóronse adoptando elementos gregos: o latín foi substituído polo grego como lingua oficial e a relixión pasou a estar controlada polo patriarca de Constantinopla tras o Cisma de Oriente en 1054.

<sup>2</sup> En ocasións emperatriz (Irene de Atenas no S. VII, Zoe no S. XI) que como cabeza da Igrexa, podían nomear ou destituir ao Patriarca ou bispo de Constantinopla (o cargo eclesiástico máis importante do Imperio).

<sup>3</sup> O imperio estaba dividido en diferentes unidades territoriais e administrativas como prefecturas, dióceses, provincias e consellos das cidades

<sup>4</sup> Chegaban sedas de China; especias, marfil e perlas da India; e ámbar, peles e trigo do norte de Europa.

<sup>5</sup> Nunca superaron en número á man de obra campesiña libre nas zonas rurais.

## Relixión

Tras o **Cisma** de Oriente en 1054, a cristiandade dividíuse entre a Igrexa católica de Roma e a Igrexa **ortodoxa** de Constantinopla presente na vida e na cultura do imperio, e motivo de disputas.

A relixión ortodoxa estendéuse polos pobos do leste de Europa, de ahí que na actualidade sexa a relixión maioritaria en Rusia, Lituania, Bielorrusia, Bulgaria, Romanía, Grecia e Macedonia.

## Arte e cultura

Na arte bizantina fusionándose influencias romanas, cristiás e orientais, creando unha imaxe única tanto en arquitectura, no uso do mosaico nas artes decorativas.

Unha arte fundamentalmente de carácter relixiosa.

Representaban a figura humana con proporcións xerarquizadas, idealizadas e rostros serios, sen emoción.

Uso do mosaico de fondo dourado nas igrexas.

**Iconografía** estricta na representación das imaxes relixiosas coñecidas como *iconas*.

Unha arte cunha arquitectura monumental, de grandes construcións grazas ao uso combinado de cúpulas e arcos, e ricamente decoradas con mosaicos e frescos no interior, fronte á sencillez no exterior. Dentro dos exemplos máis destacados temos: [Santa Sofía de Constantinopla](#)<sup>6</sup>, [San Vital de Rávena](#) (Italia), etc.

### 3. LEGADO DO IMPERIO BIZANTINO

Unha das principais aportacións do imperio bizantino foi a preservación da lingua e a cultura gregas base da civilización occidental. Tamén do cristianismo tras adoptalo Constantino como relixión oficial do imperio romano marcou a historia europea durante a Idade Media.

Debido á súa localización xeográfica entre Europa e o Islam, tivo un papel importante na protección de Europa da expansión do Islam; pero tamén conservou importantes aportacións islámicas en matemáticas e astronomía.

---

<sup>6</sup> Actualmente Istanbul.